

I.6. ANÁLISE DA CONVERXENCIA E DA COMPETITIVIDADE REXIONAL

Ao longo dos últimos cinco anos (2000-2005), Galicia experimentou unhas taxas de crecemento medias anuais acumulativas da súa produción, emprego e poboación inferiores ás medias españolas. Os datos da *Contabilidad regional de España* (fonte INE) reflecten que a economía galega presenta taxas de crecemento medio do 2,7%, medio punto porcentual menos que a media española. Este diferencial aumenta ata as nove décimas no caso das afiliacións á Seguridade Social (o crecemento medio en Galicia foi do 2,5% , fronte ao 3,4% de media en España) e ata o punto e medio no caso da poboación empa-droada (medra un 0,2% de media en Galicia e 1,7% no conxunto do Estado).

Isto implica, coma reflicte o **cadro 1.6.1.**, un descenso da importancia relativa destas variables no conxunto do Estado. Con todo, cómpre salientar que no últimos tres anos, a importancia relativa da produción galega, medida en termos do PIB a prezos de mercado (prezos correntes) mantense constante no 5,06%.

Tomando como indicador de converxencia da economía galega á española e á europea (UE-25) o PIB per cápita, se se considera a media española = 100, este acadou en 2005 un valor de 81,0, máis de dous puntos porcentuais superior ao valor do ano 2000. En relación á media dos vinte e cinco países europeos (UE = 100), o PIB nominal por habitante en 2003 (datos INE) representa o 77,6% da media europea, case cinco puntos máis que en 2000.

Se medimos a converxencia coa media estatal a través dun indicador sintético de competitividade rexional, que incluiría un total de 17 indicadores relacionados coa potencialidade e desenvolvemento dunha rexión, a economía galega presenta entre os anos 2000 e 2004 unha aproximación á media do Estado, ao acadar en 2004 un valor de 88,2 (base España = 100) fronte ao 86,1 do ano 2000.


CONVERXENCIA COA MEDIA ESTATAL

Ao longo do ano 2005, Galicia presentou un crecemento medio do seu PIB a prezos de mercado (prezos constantes) do 3,3%, unha décima por baixo do experimentado polo conxunto do Estado. Este crecemento sitúase dúas décimas por riba da taxa media de crecemento da economía galega no ano anterior (fonte: INE, *Contabilidad regional de España*).

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano continúa o proceso de achegamento á media española. Este indicador acada en 2005 un valor de 81,0 puntos (media española = 100), un punto e tres décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2000, o PIB por habitante medra dende o 77,7% ata o devandito 81,0% de 2005.

Como reflicte o **cadro 1.6.2.**, Galicia segue sendo a cuarta comunidade co menor valor do PIB rexionalizable per cápita, tan só por riba do rexistrado nas comunidades autónomas de Estremadura (67,4% en 2005), Andalucía (77,3% no último ano) e Castela A Mancha (78,3%).

No ano 2005, o índice da Renda Familiar Bruta (RFB) por habitante acada un valor de 94,0 (media española = 100), situándose como a quinta comunidade autónoma con menor ratio, por riba de Murcia, Andalucía, Asturias e Estremadura. Comparado coa situación de 2000, o **cadro 1.6.3.** indica que Galicia rexistrou un avance de case tres puntos porcentuais, ao medrar dende os 91,2% dese ano aos devanditos 94,0%. En termos absolutos, a RFB en poder de compra acadou en Galicia os 13.696 euros, 2.747 euros máis que no ano 2000.



1.6.1.

Converxencia das CC.AA. en termos de PIB por habitante fronte a España e a Unión Europea (UE-25)

	PIBR por habitante (1)					PIB por habitante (poder de compra)						
	2000	2004	2005	05-00	05-04	2000	2002	2003 (2)	03-00	03-02		
	(media española= 100)				(variación absoluta)				(media UE-25=100)		(variación absoluta)	
Andalucía	73,7	77,1	77,3	3,6	0,2	68,1	71,1	74,0	5,9	2,9		
Aragón	104,5	107,0	107,5	3,0	0,5	97,4	101,7	105,5	8,1	3,8		
Asturias	83,6	86,7	88,9	5,3	2,2	78,4	80,7	82,9	4,5	2,2		
Baleares	123,2	112,7	110,1	- 13,1	- 2,6	115,9	117,1	118,7	2,8	1,6		
Canarias	94,8	92,3	90,6	- 4,2	- 1,7	87,2	89,0	91,5	4,3	2,5		
Cantabria	93,5	98,2	98,6	5,1	0,4	87,7	91,9	95,2	7,5	3,3		
Castela e León	90,5	93,7	94,9	4,4	1,2	84,4	87,8	90,9	6,5	3,1		
Castela-A Mancha	78,6	78,0	78,3	- 0,3	0,3	73,9	76,0	77,8	3,9	1,8		
Cataluña	121,8	119,9	119,3	- 2,5	- 0,6	110,2	112,3	116,1	5,9	3,8		
C. Valenciana	96,5	93,1	91,5	- 5,0	- 1,6	87,8	90,7	92,6	4,8	1,9		
Estremadura	63,7	66,3	67,4	3,7	1,1	59,3	61,6	64,3	5,0	2,7		
Galicia	77,7	79,7	81,0	3,3	1,3	72,8	74,7	77,6	4,8	2,9		
Madrid	136,0	131,1	130,9	- 5,1	- 0,2	122,9	126,7	130,4	7,5	3,7		
Murcia	83,9	83,9	83,1	- 0,8	- 0,6	78,2	81,1	84,2	6,0	3,1		
Navarra	127,3	126,6	127,1	- 0,2	0,2	115,6	119,6	123,1	7,5	3,5		
País Vasco	122,5	125,0	127,2	4,7	1,1	113,9	117,1	121,3	7,4	4,2		
A Rioxá	113,9	108,7	108,2	- 5,7	- 1,4	105,4	106,7	110,8	5,4	4,1		
Ceuta	85,2	89,4	90,5	5,3	1,3	78,3	81,6	82,9	4,6	1,3		
Melilla	84,4	86,3	87,8	3,4	0,8	78,0	82,0	82,4	4,4	0,4		
Total	100	100	100	-	-	91,7	94,6	97,6	5,9	3,0		

(1) Datos do INE, Contabilidad Regional de España base 2000. Serie 2000-2005 (prezos correntes)
 (2) Datos provisionais
 Fonte: INE, Contabilidad Regional de España

1.6.2.

Renda familiar bruta en poder de compra nas CC.AA. 2000-05

	2000	2005	2000	2005	Diferencial 2005 - 2000
	(en €)	(media española = 100)	(en €)	(pontos porcentuais)	
Andalucía	9.599	11.936	80,0	81,9	2.337 1,9
Aragón	13.407	16.092	111,7	110,4	2.685 -1,3
Asturias	10.623	13.155	88,5	90,3	2.532 1,8
Baleares	14.276	14.987	118,9	102,8	711 -16,1
Canarias	12.161	15.273	101,3	104,8	3.112 3,5
Cantabria	11.383	14.416	94,8	98,9	3.033 4,1
Castela e León	12.791	16.821	106,6	115,4	4.030 8,9
Castela-A Mancha	12.037	14.227	100,3	97,6	2.190 -2,7
Cataluña	13.322	15.348	111,0	105,3	2.026 -5,7
C. Valenciana	12.119	14.187	101,0	97,4	2.068 -3,6
Estremadura	9.817	13.420	81,8	92,1	3.603 10,3
Galicia	10.949	13.696	91,2	94,0	2.747 2,8
Madrid	13.423	16.101	111,8	110,5	2.678 -1,3
Murcia	10.048	11.500	83,7	78,9	1.452 -4,8
Navarra	13.838	17.170	115,3	117,8	3.332 2,5
País Vasco	13.582	17.509	113,2	120,2	3.927 7,0
A Rioxa	14.113	16.726	117,6	114,8	2.613 -2,8
Ceuta	11.060	15.252	92,1	104,7	4.192 12,5
Melilla	11.633	17.347	96,9	119,0	5.714 22,1
Total	12.003	14.572	100	100	2.569

Fonte: Funcas, Cuadernos de Información Económica

1.6.3.
Indicador de competitividade rexional nas CC.AA. 2000-2004 ⁽¹⁾

	2000	2003	2004
	(España = 100)		
Andalucía	79,8	80,5	80,0
Aragón	106,0	108,2	104,8
Asturias	83,8	82,9	84,0
Baleares	60,2	67,1	66,9
Canarias	71,1	69,6	71,3
Cantabria	79,8	76,5	80,8
Castela e León	92,3	94,9	96,4
Castela-A Mancha	92,1	81,8	80,4
Cataluña	124,1	120,6	121,0
C. Valenciana	101,7	98,9	97,5
Estremadura	64,8	68,5	67,4
Galicia	86,1	91,1	88,2
Madrid	139,2	133,0	133,3
Murcia	93,6	90,1	87,5
Navarra	123,6	126,6	138,2
País Vasco	127,6	124,1	128,0
A Rioxa	106,2	97,0	96,4

(1) O indicador de competitividade rexional está composto por 17 indicadores: PIB per cápita; productividade; grao de apertura ao exterior; custo salarial por traballador; ocupación; dinamicidade empresarial; gasto empresarial en innovación coma porcentaxe do PIB; gasto empresarial en I+D coma porcentaxe do PIB; traballadores en actividades de I+D por cada 1.000 activos; quilómetros de vías de alta capacidade sobre superficie; quilómetros de vías de alta capacidade sobre poboación; quilómetros de vías de alta capacidade sobre PIB; infraestrutura tecnolóxica; infraestrutura equipamento; infraestrutura educacional; actividade inventiva; e gasto interno en I+D sobre o PIB.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE; Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales; Ministerio de Fomento; Oficina Española de Patentes y Marcas; Instituto Español de Comercio Exterior; e CEPREDE (Centro de Predicción Económica).

1.6.4.

Indicador de competitividade rexional nas CC.AA. 2000-2004⁽¹⁾: distribución segundo categoría

	Indicador sintético macroeconómico (I)				Indicador sintético laboral (2)				Indicador sintético desenvolvemento empresarial (3)				Indicador sintético infraestruturas e accesibilidade (4)				Indicador sintético de innovación (5)							
	2000		2003		2004		2000		2003		2004		2000		2003		2004		2000		2003			
	(España = 100)				(España = 100)				(España = 100)				(España = 100)				(España = 100)				(España = 100)			
Andalucía	74,2	73,9	75,4	89,6	91,4	91,5	66,8	69,5	71,6	109,9	102,5	101,9	58,5	65,2	59,7									
Aragón	104,1	110,9	109,2	102,6	101,9	101,5	106,4	108,3	107,0	108,3	107,2	109,9	121,4	107,6										
Asturias	79,8	82,0	83,7	97,3	99,8	99,1	91,6	72,1	68,3	84,2	99,3	100,9	66,0	61,2	67,2									
Baleares	87,6	84,5	84,6	98,7	96,3	97,3	36,7	39,3	44,5	41,3	62,1	62,0	36,7	53,2	46,0									
Canarias	78,6	75,9	74,8	93,0	91,2	90,8	50,1	49,5	49,5	88,5	92,8	90,5	45,2	42,7	50,9									
Cantabria	91,0	91,1	92,4	96,7	96,4	96,7	68,3	48,9	53,4	98,2	102,7	108,1	44,7	43,3	53,1									
Castela e León	96,4	94,5	94,5	96,7	96,2	96,0	69,0	81,9	88,5	148,9	141,4	140,4	50,6	60,6	62,4									
Castela-A Mancha	72,1	74,8	75,3	93,7	93,6	93,5	87,0	72,0	56,1	136,6	116,1	117,8	71,2	52,5	59,4									
Cataluña	125,0	125,5	125,2	105,6	104,3	104,7	127,1	128,3	115,8	98,3	97,7	146,8	146,9	149,0										
C. Valenciana	96,3	96,1	95,4	95,8	94,7	94,7	81,9	78,4	76,6	119,5	113,7	113,9	115,1	111,8	107,0									
Extremadura	55,4	59,7	58,9	85,2	87,6	86,8	51,3	46,6	51,1	89,7	99,1	102,1	42,5	49,6	37,9									
Galicia	93,3	97,0	96,2	92,8	92,3	90,9	76,6	92,7	83,3	109,0	101,7	98,9	58,5	71,8	71,8									
Madrid	118,3	115,8	114,9	111,5	112,4	112,8	153,1	147,8	145,7	156,0	145,8	152,7	157,4	143,2	140,4									
Murcia	92,5	95,2	95,3	91,3	91,5	92,1	70,5	66,7	66,0	128,0	119,9	115,8	86,0	77,1	68,1									
Navarra	132,3	127,9	109,4	109,4	109,4	109,5	106,3	134,4	147,3	119,3	116,1	123,3	149,5	141,0	193,8									
Pais Vasco	118,5	115,6	118,7	109,4	108,8	108,5	139,9	145,3	151,2	148,5	126,9	127,1	121,7	123,8	134,6									
A Rioxa	93,3	93,1	90,4	100,1	98,7	98,3	83,7	79,4	80,0	143,3	121,4	117,6	110,5	92,3	95,9									

(1) Calculase a partir dos datos do PIB per cápita, produtividade e grao de apertura da economía ao exterior (terceiros países)

(2) Calclase a partir do custo salarial por traballado e da ocupación

(3) Para o seu cálculo tense en conta a dinamicidade empresarial, o esforzo investidor en actividades de I+D e en innovación por parte das empresas e o número de traballadores en actividades de I+D por cada mil activos

(4) Para o seu cálculo tense en conta os datos sobre a infraestrutura básica (vías de alta capacidade / superficie / poboación / PIB), infraestrutura tecnolóxica, infraestrutura en equipamento e infraestrutura educacional

(5) Calculase a partir dos datos que reflicten a actividade inventiva e o esforzo investidor total en I+D

(6) O dato do ano 2000 non inclúe, por mor da falta de datos, os indicadores sobre infraestrutura tecnolóxica e en equipamento.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE; Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociales; Ministerio de Fomento; Oficina Española de Patentes y Marcas; Instituto Español de Comercio Exterior; e CEPREDE (Centro de Predicción Económica).

Indicador de competitividade rexional en Galicia 2000-2004 (1): distribución segundo tipo de indicador

	2000	2003	2004	2005
(España = 100)				
Indicador sintético macroeconómico				
PIB per cápita	93,3	97,0	96,2	100,6
Produtividade (PIB correntes / postos trabalho)	77,7	78,7	79,7	81,0
Apertura exterior (X+M) / PIB	89,4	88,9	89,1	89,3
112,8	123,5	119,6	131,6	
Indicador sintético laboral	92,8	92,3	90,9	91,8
Custo salarial por traballador	86,7	85,9	84,8	84,5
Ocupación (P. Ocupada / P. Activa)	98,8	98,6	97,0	99,1
Indicador de desenvolvemento empresarial	76,6	92,7	83,3	
Dinamicidade empresarial (nº empresas / 1.000 afiliados á S.S. no Réxime Xeral e Autónomos)	113,9	111,6	110,4	
Gasto innovación empresarial / PIB	79,4	121,0	84,5	
Gasto empresarial en I+D / PIB	42,2	60,1	55,8	
Traballadores en I+D por 1.000 activos	71,2	78,0	82,3	
Indicador sintético de infraestrutura e accesibilidade	109,0	101,7	98,9	
Vías de alta capacidade sobre superficie	114,5	116,7	113,0	
Vías de alta capacidade sobre poboación	100,7	107,1	105,5	
Vías de alta capacidade sobre PIB	129,0	134,8	130,5	
Infraestrutura tecnolóxica (% poboación que empregaron internet)		81,4	78,6	
Infraestrutura equipamento (% fogares con ordenadores)		81,2	79,0	
Infraestrutura educacional (% poboación con estudios superiores)	91,8	89,3	86,9	
Indicador sintético de innovación	58,5	71,8	71,8	
Actividade inventiva (patentes via nacional e modelos de utilidade por cada millón de habitantes)	46,4	62,2	62,8	
Esforzo investidor en I+D (% gasto en I+D sobre o PIB)	70,6	81,4	80,9	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE; Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales; Ministerio de Fomento; Oficina Española de Patentes y Marcas; Instituto Español de Comercio Exterior; e CEPREDE (Centro de Predicción Económica).

1.6.6.

A incorporación dos fluxos fiscais e de transferencias de rendas das Administracións Públicas ás familias eleva en trece puntos a converxencia de Galicia en termos de RFBD (94,0 segundo Funcas) respecto á converxencia en termos de PIB (81,0 segundo o INE).

Atendendo ao **indicador sintético de competitividade**, elaborado a partir de 17 indicadores agrupados en cinco grandes categorías –aspectos macroeconómicos, laborais, desenvolvemento empresarial, infraestruturas e accesibilidade e innovación–, a economía galega rexistra entre os anos 2000 e 2004 (último ano no que se dispón de datos para todos os indicadores) unha aproximación ou converxencia á media estatal. Se a media estatal é igual a 100, o indicador de competitividade sitúase en 2004 en Galicia no 88,2, dous puntos máis que en 2000, situándose coma a novena comunidade autónoma con maior índice.

A economía galega presenta en 2004, e nas cinco categorías consideradas, valores por baixo da media española. Os datos recollidos no **adro 1.6.5.** reflextan que o diferencial máis importante coa media estatal rexístrase no caso do indicador sintético de innovación, que acada un valor de 71,8 (base España = 100), seguido do correspondente ao desenvolvemento empresarial, cun valor de 83,3. Pola contra, os indicadores sintéticos de infraestrutura e accesibilidade e o macroeconómico, acadan valores moi próximos á media estatal: 98,9 e 96,2, respectivamente.

Comparado co acontecido no ano 2000, cómpre salientar a mellora experimentada nos indicadores sintéticos macroeconómicos, de desenvolvemento empresarial e de innovación, mentres que descende o indicador sintético laboral. Os indicadores de innovación e desenvolvemento empresarial son os que experimentaron as maiores medras, co 13,3 e 6,7 puntos porcentuais, mentres que o macroeconómico fixo en 2,9 puntos. A caída do indicador sintético laboral é de case dous puntos porcentuais.

No que atinxe á situación dos dezasete indicadores en Galicia, o **cadro 1.6.6.** amosa que cinco indicadores, o grao de apertura ao exterior, o dinamismo empresarial e os tres relativos ás infraestruturas básicas de transporte (vías de alta capacidade) presentan valores superiores á media estatal. Pola contra, os indicadores con valores máis baixos son os do gasto empresarial en I+D e o da actividade inventiva.

CONVERXENCIA COA MEDIA EUROPEA

En 2003 (último ano dispoñible) Galicia presentou por primeira vez un producto interior bruto por habitante superior ao 75% da media comunitaria, ao acadar un PIB per cápita equivalente ao 77,6% da media europea (97,6% no conxunto do Estado). Con todo, Galicia segue sendo a terceira comunidade autónoma co menor índice, superando, como nos anos anteriores, a Estremadura (64,3%) e a Andalucía (74,0%).

Os datos recollidos no devandito **cadro 1.6.2.** indican que o proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade nas distintas comunidades autónomas. Dunha banda, en relación ás comunidades autónomas que son a día de hoxe rexións obxectivo 1 para a UE, mentres que o PIB per cápita en Andalucía mellorou entre 2000 e 2003 un 5,9% de converxencia e o de Estremadura o fixo nun 5,0%, o incremento rexistrado en Galicia superou tan só aos incrementos experimentados por Baleares (2,8 puntos), Castela A Mancha (3,9 puntos máis), Canarias (4,3 puntos porcentuais) e Asturias (4,5 puntos), ademais de Ceuta e Melilla (4,6 e 4,4 puntos porcentuais).

Coa excepción de Aragón, que presenta a medra máis acusada entre 2000 e 2003, e de Cantabria, cunha medra similar á de Madrid e Navarra, as tres comunidades autónomas co PIB per cápita máis elevado en 2003 son as que presentan as maiores taxas de crecemento (Madrid e Navarra, con 7,5 puntos porcentuais; e País Vasco, con 7,4 puntos máis). O incremento experimentado no conxunto do Estado foi de case seis puntos. ■